

ORDENANZA Nº 36 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN TERREOS OU RECINTOS DE TITULARIDADE OU EXPLOTACIÓN MUNICIPAL

NATUREZA E FUNDAMENTO LEGAL.

Artigo 1

- 1.1. De conformidade co previsto no artigo 41 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, establécese o PREZO PÚBLICO POR ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN TERREOS OU RECINTOS DE TITULARIDADE OU EXPLOTACIÓN MUNICIPAL.
- 1.2. Ós efectos deste prezo público entenderase por estacionamento, toda inmovilización dun vehículo de tracción mecánica dentro dos terreos ou recintos ós que se fixo referencia no apartado anterior.

OBRIGA E MOMENTO DO PAGO.

Artigo 2

Están obrigados ó pago do Prezo Público os conductores que accedan ós terreos ou recintos cos vehículos para o seu estacionamento. A obriga do pagamento xorde no momento do acceso ós mesmos, entregándolle ó pagador recibo ou xustificante.

PREZO

Artigo 3

3.1.-A contía do Prezo Público regulado nesta ordenanza será o seguinte:

a) En terreos ou recintos de titularidade municipal:

- TURISMOS: ata un máximo de **0,60 € / hora**
- VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS: ata un máximo de **2,00 € / hora**.

b) En terreos ou recintos de explotación municipal:

- TURISMOS: De 8:00 as 14:00 h., e de 14:00 as 20:00 h., ata un máximo de **1,00 €**, respectivamente.
- VEHÍCULOS DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS: De 8:00 as 14:00 h., e de 14:00 as 20:00 h., ata un máximo de **3,00 €**, respectivamente

3.2.- De conformidade co establecido no artigo 48 da Lei 39/88, facúltase á Comisión Municipal de Goberno para que, dentro dos límites establecidos no apartado 3.1 fixe a tarifa a aplicar en cada momento, así como para que, respectando estas limitacións, estableza convenios con asociacións ou entidades sen ánimo de lucro para que xestionen e cobren o estacionamento nos terreos ou recintos obxecto deste prezo público.

3.3.- No Prezo Público aprobado en cada momento entenderase engadido o I.V.E.

EXENCIONS

Artigo 4

Estarán exentos do pago do Prezo Público os vehículos de titularidade municipal. Tamén estarán exentos de pago os vehículos pertencentes a outras Administracións públicas sempre que, no momento do acceso, estea prestando un servizo público.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza foi aprobada por acordo plenario de data 31 de outubro de 2002, e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2003, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICADO BOP (establecemento): 30/12/2002